



## Domingo de Pascua-2º B

11 de abril de 2021

Evanxeo de Xoán 20,19-31:

*“Tomé viu e creu;*

*Me Señor e meu Deus!”*

**Mensaxe: Movidos polo vento do Espírito: enerxía eólica que renovará a faciana da terra**



### 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Hoxe, celebramos o domingo 2º de Pascua, chamado tamén da **Misericordia Divina**. Reunímonos a comunidade dos cristiáns como facían xa os Apóstolos. Tamén hoxe como entón, Xesús vivo e Resucitado faise presente entre nós, no medio da comunidade, dándonos o seu Espírito que nos enche de paz, fortalece e renova a nosa fe e envíanos a unha misión, renovar a faciana da terra. Celebremos, pois, con gozo esta eucaristía e deixemos que Cristo fortaleza a nosa fe na comunidade como lle sucedeu a Tomé. (*Levamos un cartel co debuxo dun eólico e un rótulo: “Movidos polo vento do Espírito: enerxía eólica que renovará a faciana da terra”*).

**- No nome do Pai... Cristo resucitado que cada domingo na comunidade nos dá o seu Espírito que alimenta a nosa fe, sexa convosco.**

### 2. PETICIÓNS DE PERDÓN ou ASPERSIÓN

(*Pódese facer a aspersión como purificación dos nosos pecados e recordo do bautismo*).

*A paz é un don da Resurrección de Xesús, pero os nosos intereses raquícos con frecuencia non a deixan crecer. Pidamos perdón:*

+Cando nos imos encerrando nos nosos pequenos grupos, sen deixar que ninguén cuestione o noso actuar.

**Señor, ten piedade de nós.**

+Cando dicimos amar a Deus pero esquecesenos querer os que viven ao noso lado. **Cristo, ten piedade de nós.**

+Cando facemos da Resurrección de Xesús só unha idea difícil de comprender, en lugar de amor e de vida.

**Señor, ten piedade de nós.**

**ASPERSIÓN:** *Deus todopoderoso, escoita as oracións do teu pobo agora que recordamos a marabilla da nosa redención. Cando Cristo descendeu á auga no Xordán, renovaches a nosa natureza pecadora no baño do novo nacemento. Que esta auga, Señor, avive en nós o recordo do noso bautismo e nos faga participar no gozo dos nosos irmáns bautizados na pascua. Por XCNS.*

### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Durante o tempo de Pascua escoitamos na primeira lectura fragmentos do libro dos Feitos dos Apóstolos. É o testemuño da primeira comunidade cristiá. Fixémonos hoxe cal era o estilo de vida daquela primeira comunidade. Tamén a primeira carta de san Xoán nos recorda como habemos de vivir os que nacemos de novo pola nosa fe en Cristo resucitado. No evanxeo descubrimos a Xesús facéndose presente naquela comunidade reunida, levándolle a paz, o perdón e o seu Espírito; é na comunidade onde o incrédulo Tomé recupera a fe e confesa “Meu Señor e meu Deus”.

### 4. PETICIÓNS

*Neste domingo da Divina Misericordia, unidos sentíndonos salvados e resucitados con Xesús, elevemos a nosa oración respondendo como Tomás: -Meu Señor e meu Deus.*

1. Aumenta a fe na Igrexa, para que sexa exemplo de comunión e solidariedade, casa de acollida e misericordia. **Oremos.**

2. Aumenta a nosa fe na resurrección do Señor, para que sintamos a súa presenza entre nós. **Oremos.**

3. Aumenta a nosa fe para que nos reunamos en comunidade cada domingo. **Oremos.**

4. Aumenta a nosa fe en Xesucristo para que sexamos as súas testemuñas. **Oremos.**

5. Aumenta a nosa fe en Xesucristo para que descubramos a súa presenza nos irmáns. **Oremos.**

6. Aumenta a nosa fe para que vivamos unidos na fe e no amor. **Oremos.**

7. Aumenta a nosa fe para que o Resucitado nos encha da súa paz e ledicia. **Oremos.**

8. Aumenta a nosa fe para que nas dificultades atopemos na comunidade dos crentes un testemuño atractivo e iluminador. **Oremos.**

*Escoita, Señor, a nosa oración. Por XNS.*



## 5. OFRENDAS

-**UNHAS PIÑAS (de piñeiro) ou NÓS DE REDE:** Con estas piñas simbolizamos á nosa comunidade que se reúne todos os domingos a carón de Cristo resucitado. Aquí formámonos, celebramos a nosa fe, compartimos a nosa vida vivindo a fraternidade e a solidariedade con todos.

-**FRASE “Se non o vexo non o creo” e un cirio aceso:** É na comunidade onde san Tomé se reencontrou con Xesús e recuperou a fe. Que apoiándonos uns nos outros e co testemuño de todos nos axudemos uns a outros a crer máis e mellor.

-**PAN E O VIÑO.** Co pan e o viño damos grazas a Deus porque cada domingo se presenta entre nós e se fai Corpo e Sangue na consagración e nós confesamos agradecidos como Tomé: “Meu Señor e meu Deus”.



## 5. SUXESTIÓNS:

- Este domingo de Pascua é o chamado “**Domingo da Divina Misericordia**”, instituído por san Xoán Paulo II o ano 2000. “A misericordia é a viga mestra que sostén a vida da Igrexa”, Francisco, MV 14. Recordamos que Deus é misericordioso e nos ama a todos e sae ao noso encontro para acollernos e perdoar os nosos pecados. Pero ao mesmo tempo nós tamén temos que vivir e practicar a misericordia co próximo e o necesitado.
- Durante a Pascua nas celebracións mantemos o **cirio pascual aceso**, representa a Cristo resucitado. Tamén entoamos o canto pascual do Aleluia. Tamén os domingos de pascua especialmente, podemos substituír o momento do perdón coa aspersión do auga recordando o noso bautismo que limpa os nosos pecados.
- Poderíamos explicar que a **gran noticia de Pascua** é que Cristo resucitou e vive para sempre no ceo xunto ao Pai. Puxemos un signo que nos recorda que Xesús está vivo: o cirio pascual e acendémolo para que nos lembre a todos que Xesús resucitou. Xesús dille a Tomé: “non sexas incrédulo senón fiel”. El respóndelle confesándoo: “Meu Señor e meu Deus”. Ademais recordamos que é na comunidade onde Tomé recupera a fe.
- Podemos poñer un **panel diante do altar** con letras grandes e bonitas: RESUCITOU. Preparamos flores de papel de varias cores que os nenos pinchan mentres cantan a canción de K. Arguello Resucitou. Ao final da eucaristía, un neno le: “ofrecemos estas flores que representan a nosa alegría pola resurrección de Xesús e o noso agradecemento polos moitos agasallos que nos deu”.
- Outro xesto para participar podería ser este: Fixámonos na lectura dos Feitos de hoxe: “**O grupo de crentes tiña un só corazón**”. Debuxamos un corazón grande. A cada neno dámoslle un adhesivo (hainos en forma de corazón), unha cor por grupo, poñen no adhesivo o nome das persoas que convivan con el na casa (por exemplo, o nome dos pais e o dos irmáns). Así quedará o corazón grande cheo de papelliños e de nomes. Daquela os nenos presentarán o corazón grande na celebración e alguén poñerá encima un “ X ” grande ou o debuxo de Xesús, de modo que se vexa que Xesús é o noso centro (no evanxeo de hoxe Xesús púxose no centro e volveu a paz, a ledicia, o Espírito, e Tomé recuperou a fe). Explicamos á xente o sentido deste xesto.



## 6. VIDEOS 2º DE PASCUA-B: San Tomé – Xn 20, 19-31

- 2º de pascua B, explicación <https://www.youtube.com/watch?v=M4z0QsXINtE#t=35>
- Xoán 20, 19-31, película: <https://www.youtube.com/watch?v=E48Kpc0NiaE>
- Tomé, ver para crer, película: <https://www.youtube.com/watch?v=ULPcTmcDmfw&t=17s>
- Non podes crer sen ver, Tomé?, película: <https://www.youtube.com/watch?v=P8NAO5pdhLA>
- Benaventurados os que non viron e creron, película: <https://youtu.be/7uka0evhlu0>
- Xoán 20,19-31 Tomé, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=pTUK6kwcic6>
- San Tomé, debuxos: <https://youtu.be/gNvU9skp1lc>
- Tomé, Verbo divino 2015, reflexión: [https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=1&v=q\\_WBiC7Wwyk](https://www.youtube.com/watch?time_continue=1&v=q_WBiC7Wwyk)
- Crer, Verbo divino 2018, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=R42M-K4IOcw>
- Crer para ver, Verbo Divino 2021, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=yLKTmqiCHW8>
- O Apóstolo Tomé, serie Perdidos (LOST): <http://youtu.be/bStFoxHLoGk>
- Vídeo da resurrección de Cristo: <https://www.youtube.com/watch?v=xLOxt98OSFk>
- Canción da Resurrección – Valivan: <https://www.youtube.com/watch?v=d02Eg8ELjE>
- Xn. 20, 19-23, Canción-meditación de Valverde: <http://youtu.be/xt5a2hJklcM>
- Señor e meu Deus, Javier Brú, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=luWbEILWtJI>
- Celebrar a Cristo, Resucitou, canto de nenos: <http://youtu.be/iV6nDEOPNI4>
- Non merecía tanto amor, apóstolo Tomé, canto: <https://www.youtube.com/watch?v=ucPa7pcJoD8&t=3s>
- Cristo, o Señor, Resucitou, canción: <http://youtu.be/PIKSmZR6JEk>
- Evanxeo en linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=2ip5Vd8IU2c>
- Alex Navarro Mulet, evanxeo de forma simpática, con toques de humor... (“Cousas de Deus”) [Sóbeo os sábados] [https://www.youtube.com/channel/UCft6btUTuaN3TRF\\_syJixww/videos](https://www.youtube.com/channel/UCft6btUTuaN3TRF_syJixww/videos)

“Meu Señor e meu Deus”